



Informe da Dirección superior Contable e Orzamentaria

Asunto: Emendas presentadas ao Proxecto do Orzamento para o ano 2018

Expediente: 49/142, Orzamento xeral ano 2018

Comisión Informativa: Orzamentos e Facenda

Calendario: Celebración da Comisión na que se fixa o prazo de apertura e peche para presentación de emendas: 06/11/2017 até 10/11/2017, presentación de informe e proposta sobre as emendas, o 13/11/2017. Debate das emendas en Comisión, o 13/11/2017.

Emendas presentadas, Grupo Político Municipal:

Partido Popular, Nº Rexistro do Pleno: 1647/1101, Parcial

Marea de Vigo, Nº Rexistro do Pleno: 1648/1101, a totalidade

Remisión da documentación para informe de: Secretaría Xeral do Pleno

Data da remisión: 13,15 horas do 10/11/2017.

Remisión do Informe a: Secretaría Xeral do Pleno, 13/11/2017

Normativa aplicable:

Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo.

Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira.

Regulamento (UE) Nº 549/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, de 21 de maio de 2013, relativo ao Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais da Unión Europea (en diante SEC- 2010).

Real Decreto 1463/2007, de 2 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de desenrolo da Lei 18/2001, de 12 decembro de Estabilidade Orzamentaria.

Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.

Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado polo Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro.





CONCELLO DE VIGO
DIRECCIÓN SUPERIOR CONTABLE E ORZAMENTARIA

Expediente: 49/142

Regulamento Orgánico do Pleno, aprobado o 30 de maio de 2016, publicado no BOP nº 114 do día 15/06/2016.

Orde EHA/3565, de 3 de decembro, pola que se aproba a estrutura do orzamentos das Entidades Locais.

Orde HAP/419/2014, de 14 de marzo, pola que se modifica a Orde EHA/3565/2008, de 3 de decembro, po la que se aproba a estrutura dos orzamentos das entidades locais.

Informe

A Xunta de Goberno en sesión extraordinaria celebrada o día 3 de novembro de 2017, aprobou o Proxecto dos Orzamentos da Entidade Local e o seu Organismo Autónomo Xerencia Municipal de Urbanismo para o ano 2018.

A Comisión de Orzamentos e Facenda, en sesión de data 06/11/2017 en aplicación do previsto no Regulamento Orgánico do Pleno, abriu o procedemento e fixou o calendario para que os grupos políticos municipais poidan presentar emendas aos Orzamentos aprobados pola Xunta de Goberno Local na sesión extraordinaria celebrada o día 3 de novembro de 2017. O prazo fixado comezou o día 06/11 e rematou o día 10/11/2017.

De acordo ao previsto no artigo 82 do Regulamento Orgánico do Pleno (ROP), o expediente tanto físico como electrónico foi enviado á Secretaría do Pleno. Ademais, foi enviada unha copia integral do mesmo como un documento PDF para que a Secretaría do Pleno faga a súa remisión completa aos Voceiros dos grupos municipais. Os voceiros tamén poderán acceder informaticamente ao expediente coas claves que teñen outorgadas. Por tanto, os Grupos Políticos con representación Municipal, teñen acceso físico, acceso en un documento PDF que lles foi remitido e acceso informático ao contido total do expediente, quedando así garantida a disposición da documentación que conforma o expediente que permita o estudo e a formación da vontade dos Grupos políticos Municipais.

Segundo o procedemento legalmente establecido, os Grupos Políticos Municipais, ao amparo do previsto no artigo 83 do Regulamento Orgánico do Pleno (ROP), fixeron uso desta prerrogativa e presentaron emendas ao Orzamento no prazo previsto pola Comisión do que queda constancia no expediente coa data 10/11/2017 e rexistradas na data que figura nos documentos que se incorporan ao expediente físico e electrónico.

En relación coas emendas presentadas, ao marxe da súa tipificación de parciais ou a totalidade do Proxecto, e todo elo sen prexuízo do informe que poida emitir a Intervención Xeral se das mesmas se alterase o informado sobre o cumprimento do obxectivo da Estabilidade Orzamentaria, vaise informar legal e tecnicamente sobre se o contido das mesmas, é si é posible, sobre a súa proposta de aceptación ou rexeitamento.



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 28/12/2017 16:49

Páxina 2 de 17

Expediente 49/142

CSV: 28E44-3E4AE-C4282-3A822

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>



Limitacións regulamentadas no Regulamento Orgánico do Pleno

No informe de avaliación se terá en conta o contido do artigo 83 do Regulamento Orgánico do Pleno:

1. As emendas de creación ou de incremento dos estados de gastos admitiranse a trámite se propoñen unha baixa por igual contía. As emendas de supresión ou minoración ós estados de gastos admitiranse se propoñen un incremento por igual contía.

2. Non se admitirán emendas que supoñan incrementos ó estado de ingresos. As emendas ós estados de ingresos que supoñan minoración ou supresión dos previstos, requirirán, para a súa tramitación, a conformidade da Concellería Delegada de Orzamentos e Facenda que manifestará a súa posición no prazo de tres días.

3. As emendas ó articulado das Bases de execución do orzamento que supoñan creación, supresión, incremento ou minoración dos créditos deberán de ter a súa correspondente emenda ós estados de gastos e aplicaráselles a regra referida no apartado 2. Non se admitirán emendas ó articulado que supoñan aumento dos ingresos, as que supoñan diminución tramitaranse conforme ó procedemento recollido no apartado 2.

4. Incorporadas as emendas ó expediente a Secretaría Xeral do Pleno dará traslado das mesmas ao departamento municipal competente en materia de orzamentos ao obxecto da emisión do correspondente informe.

Outras limitacións de tipo legal ou de equilibrios orzamentarios

Ademais de terse que suxeitar ao contido do previsto no artigo 83 do ROP, as emendas que se presenten deberán ter en conta o cumprimento dos obxectivos previstos nas Regras Fiscais e cumprimento do obxectivos de Estabilidade Orzamentaria, Regra de Gasto e enbedamento aprobadas polo Consello de Ministros en data de 7 de xullo de 2017 para os anos 2018-2020. En consecuencia, deberán respectar as seguintes limitacións:

a) Se a emenda altera o contido do informe de estabilidade orzamentaria emitido pola Intervención Xeral na que se avalía o cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria, non se axustaría ao contido da LOEOSF, polo que tería que ser rexeitada.

b) Se a emenda altera as dotacións previstas para facer fronte aos custes dos contratos formalizados vixentes, que daría lugar a non cobertura do devengo de obrigas que emanan dos mesmos, xerando un desequilibrio no proxecto do orzamento, a emenda tería que ser rexeitada.

c) Se a emenda pon ou pode por en risco obxectivo, o funcionamento operativo dos servizos, de tal xeito que, non haxa capacidade para o funcionamento normal dos mesmos pola diminución que se está a facer das aplicacións afectadas a esta finalidade, tería que ser rexeitada.





CONCELLO DE VIGO
DIRECCIÓN SUPERIOR CONTABLE E ORZAMENTARIA

Expediente: 49/142

d) Se a emenda xera desequilibrios entre os recursos correntes non financeiros e os empregos correntes non financeiros, de tal xeito que, os recursos non cubran os empregos desta natureza, equilibrio este que debe manter o Proxecto que está en trámite, tería que ser rexeitada.

Solicitud de informe aos efectos de dar cumprimento ao artigo 83.5 do ROP

Aos efectos de emisión do informe técnico, o Sr. Secretario do Pleno, remitiu ás 13,15 horas do 10/11/2017, unha copia das emendas presentadas, sendo esta o soporte documental sobre a que se está a emitir o informe.

En cumprimento do previsto no artigo 83.5, ao amparo do previsto na Resolución do Sr. Concelleiro de Xestión Municipal de data 25 de febreiro de 2016, informo.

As emendas relacionan as aplicacións que son obxecto de minoración, aumento e de nova creación. Aos efectos de non reproducir no informe a identificación das aplicacións orzamentarias, non se reflicten no informe as aplicacións relacionadas que son obxecto da emenda, polo tanto, remítome para a súa identificación ao texto da emenda.

EMENDA PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR

No prazo fixado, con data 10/11/2017, rexistrada na mesma data, a Sra. Concelleira, Dona Elena Muñoz Fonteríz, voceira do Grupo Municipal do Partido Popular, co número de rexistro da Secretaría do Pleno 1647/1101, presentou emenda parcial, propondo diminución de ingresos, aumentos e diminucións en determinadas aplicacións así como a creación de aplicacións novas que conforman o Proxecto de Orzamento 2018 sometido a ditame da Comisión, coa seguinte síntese.

1.- Porcentaxe de diminución do 25% nas taxas previstas na Ordenanza Fiscal reguladora da recollida do lixo vivendas.

2.- Porcentaxe de diminución do 3% das previsións dos impostos do capítulo 1 e taxas do capítulo 3.

3.- Capítulo 2 do estado de gastos consolidados, porcentaxe de diminución, 5,60%.

Contía do capítulo 2 dos estados consolidados: 121.690.910,43 euros.

Contía da diminución proposta no capítulo 2: 6.814.690,98 euros.

4.- Capítulo 4 do estado de gastos consolidados, porcentaxe de diminución, 6,75%.

Contía da diminución proposta no capítulo 4: 1.896.940,72 euros.

5.- Diminución do capítulo 5 dos estados de gastos: 500.000,00 euros.

Contía das diminucións xenéricas 9.211.631,70 euros.





CONCELLO DE VIGO
DIRECCIÓN SUPERIOR CONTABLE E ORZAMENTARIA

Expediente: 49/142

6.- Novas aplicacións de capítulo 2, contía:	1.726.000 euros.
7.- Novas aplicacións de capítulo 4, contía:	1.000.000 euros.
8. Novas aplicacións do capítulo 6, contía:	4.410.000 euros.
Total novos empregos:	7.136.000 euros.
9.- Aplicacións que incrementan a súa dotación, capítulo 2, contía:	407.631,70 euros.
10.- Aplicacións que incrementan a súa dotación, capítulo 4, contía:	1.168.000,00 euros.
11.- Aplicacións que incrementan a súa dotación, capítulo 6, contía:	500.000,00 euros.
Total empregos que incrementan a súa dotación:	2.075.631,70 euros.

Avaliación da emenda

A emenda presentada, dende unha perspectiva formal, axústase ao previsto no artigo 83 do Regulamento Orgánico do Pleno, aprobado o 30 de maio de 2016, publicado no BOP nº 114 do día 15/06/2016, xa que tratándose dunha emenda incrementalista, ten a súa orixe en baixas doutras aplicacións, estando polo tanto equilibrada formalmente, non alterando cuantitativamente os orzamentos aprobados.

Sobre a redución dos conceptos de ingresos por unha porcentaxe do 3% e do 25% na taxa de recollida de lixo vivendas.

Capítulo/concepto	%	Importe orzamentario	Importe diminución
Capítulo 1 ¹	3,00%	102.240.700,00	3.067.221,00
Capítulo 3 ²	3,00%	22.341.000,00	670.251,00
Lixo vivenda	25,00%	5.200.000,00	1.300.000,00
Total diminucións			5.037.472,00

Regras sobre as que se avaliaron as previsións de ingresos

En cumprimento do previsto no artigo 168.1.c) do TRLRFL, ao Orzamento unirase entre outra, un informe económico-financieiro, no que se expoñan as bases utilizadas para a avaliación dos ingresos.

1 Dedúcese a contía da cesión do IRPF.

2 Se consideran aos efectos de taxas os artigos 30, 31, 32, 33, exceptuando a taxa de lixo vivenda que se cuantifica a minoración nun 25% segundo a emenda.





CONCELLO DE VIGO
DIRECCIÓN SUPERIOR CONTABLE E ORZAMENTARIA

Expediente: 49/142

Nas estimacións de liquidacións de ingresos que se prevén para o ano 2018, utilizáronse as seguintes bases:

- Os dereitos recoñecidos e liquidados no exercicio de 2016 e a recadación de cada un dos conceptos. A Liquidación do Orzamento foi aprobada por Resolución da Alcaldía Presidencia de 7 de febreiro de 2017, dando conta ao Pleno do Concello na sesión ordinaria do 22 de febreiro de 2017. Achégase como documentación, un resume da Liquidación.
- A execución do estado de ingresos no exercicio 2017 a data 30 de setembro. Esta información sobre a execución dos Orzamentos foi enviada ao Pleno da Corporación na sesión ordinaria do 25 de outubro de 2017. Achégase un resume da Liquidación.
- A análise da previsión de liquidación do orzamento do ano 2017, que figura como documentación anexa ao expediente do Orzamento.
- Unha estimación de ingresos para o ano 2018 dos Padróns tomando como base de cálculo as Ordenanzas Fiscais Reguladoras aplicables de cada un dos Impostos, Taxas e Prezos Públicos e da Cesión de Tributos do Estado.
- Ingresos extraordinarios que, previsiblemente, se obterán por procedementos de regularización tributaria: tanto polas actuacións do Servizo de Inspección de Tributos derivadas do Plan de Control tributario de 2018 como polas actuacións de comprobación abreviada que realizan os Servizos de Xestión Tributaria e Catastral.
- Datos relativos a alteracións catastrais obtidas na xestión do Servizo Municipal de Xestión Catastral Delegada.

En resumo, as contías previstas teñen unha base certa e rigorosa, tomando en consideración os censos vixentes e as Ordenanzas aprobadas aplicables ao ano 2018.

Redución dos ingresos

En trámite de formación do ditame da Comisión Informativa para a aprobación das Ordenanzas Municipais para o ano 2018, ao amparo do previsto no artigo 77 do ROP, os Grupos Políticos Municipais, presentaron emendas. O Grupo Municipal do Partido Popular, tramitou unha emenda que no se punto VII "instan a aprobación dunha rebaixa xeneralizada do 3% para a totalidade dos impostos, Prezos Públicos e Taxas municipais para o ano 2018" e unha rebaixa do 25% na taxa da Ordenanza que regula a taxa do Lixo, que foi votada e rexeitada pola Comisión Informativa e polo Pleno da Corporación, polo que, estarase a incluír na emenda ao orzamento, parte da xa presentada ao expediente de aprobación das ordenanzas fiscais.



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 28/12/2017 16:49 Páxina 6 de 17

Expediente 49/142

CSV: 28E44-3E4AE-C4282-3A822

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO
DIRECCIÓN SUPERIOR CONTABLE E ORZAMENTARIA

Expediente: 49/142

A redución de ingresos proposta non ten efectividade, non se axustaría ao ROP, nin tería repercusión sobre as contías previstas no proxecto do Orzamento do ano 2018, por estar avaliadas as previsións sobre unhas ordenanzas xa aprobadas.

O contido sobre a redución correspondente ás previsións de ingresos por impostos e taxas, non é tecnicamente aplicable, xa que o Proxecto de Orzamentos que se tramita está a reflectir unhas contías que teñen o seu amparo normativo nas ordenanzas fiscais aprobadas que resultan de aplicación ao ano 2018.

Se se producise unha redución de ingresos nos termos previstos, o orzamento quedaría desequilibrado, é non daría cumprimento ao obxectivo de estabilidade orzamentaria.

O artigo 83.3 do ROP, establece que non se admitirán emendas que supoñan incrementos ao estado de ingresos. As emendas aos estados de ingresos que supoñan minoración ou supresión dos previstos, requirirán, para a súa tramitación, a conformidade da Concellaría Delegada de Economía e Facenda que manifestará a súa posición no prazo de tres días.

Non se solicitou a conformidade do Sr. Concelleiro de Orzamentos e Facenda para a súa minoración, nin se fixo por parte desta autoridade outorgamento da mesma.

A emenda non propón unha minoración dos empregos en relación coa minoración dos recursos por unha contía de 5.037.472,00 euros, o cal, de terse en conta, produciría un incumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria aprobado.

Minoración dos empregos

Redución dunha contía do 5,60% por 100 do capítulo 2 do estado de gastos consolidado do orzamento, por unha contía de 6.814.690,98 euros.

A análise que se fai sobre as inexecucións, avalíanse en termos do Regulamento (UE) Nº 549/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, de 21 de maio de 2013, relativo ao Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais da Unión Europea (en diante SEC- 2010) e da Regra Fiscal de Gasto regulada na Lei Orgánica 2/2012. En aplicación desta normativa, o gasto computable é en termos de obrigas recoñecidas, e así hai que facelo en aplicación do bloque normativo que lle é de aplicación. No entanto o anterior, en aplicación do artigo 173.5 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo e artigo 46 da Lei 47/2003, de 26 de novembro (LGP), non poderán adquirirse compromisos de gastos por contía superior ao importe dos créditos autorizados nos estados de gastos, sendo nulos de pleno dereito os acordos, resolucións e actos administrativos que infrinxan a expresada norma, sen prexuízo das responsabilidades a que haxa lugar.





CONCELLO DE VIGO
DIRECCIÓN SUPERIOR CONTABLE E ORZAMENTARIA

Expediente: 49/142

É dicir, é necesario facer as dotacións orzamentarias axeitadas aos efectos de autorización e compromiso de gasto, de tal xeito que para licitar, é necesario ter unha dotación necesaria para a totalidade do gasto inicialmente autorizado para o ano. O gasto autorizado ou comprometido representan outros estados orzamentarios distintos do que corresponde a fase de recoñecemento da obriga. A contía das obrigas recoñecidas que é a tomada en consideración aos efectos de avaliar as inexecucións é menor, basicamente por dúas razóns:

1º.- Nos procesos e procedementos de contratación, estase a producir unha diferenza importante entre a contía orzamentaria da licitación e a contía da adxudicación. No entanto, como se fixo constar, o crédito orzamentario ten que ser suficiente para tramitar o procesos de licitación.

2º.- Hai parte do gasto comprometido no ano corrente que non alcanza a fase de recoñecemento da obriga no ano, queda en fase de compromiso, fase (D), e se incorpora como remanente ao ano seguinte.

En relación coa situación descrita, no ano 2017, incorporáronse remanentes de compromisos de gasto do ano 2017 non executados no ano 2016 (Fase D), por unha contía de 11.006.312,17 euros. Esta contía non estaba no estado de recoñecemento da obriga (fase O), polo tanto, non é tomado en conta como gasto executado, é unha inexecución nos termos SEC-2010 e da Regra Fiscal de Gasto regulada na Lei Orgánica 2/2012.

En consecuencia, a proposta de redución xeral aplicable facendo a comparación entre a execución media e o orzamento en trámite, non pode ser tida en consideración, xa que aos efectos do SEC-2010 e da Regra Fiscal de Gasto regulada na Lei Orgánica 2/2012, o gasto aválase en termos de obrigas recoñecidas, fase (O), cando a dotación ten que responder aos importes do procedemento de licitación, neste caso, ao estado de retencións de crédito, situación na que ten que estar o crédito na fase inicial de tramitación ou na de autorización do gasto, fase (A), que se corresponde co procedemento de contratación.

Tamén como se fixo constar, aínda que as facturas dos contratos non cheguen a fase de recoñecemento da obriga, o saldo de créditos en fase de compromiso, teríase que incorporar, para garantir a súa tramitación e pago no ano seguinte, e as obrigas devengadas non imputadas ao orzamento, rexistráranse na conta contable 413.

A redución xeneralizada proposta do capítulo 2 do estado de gastos consolidado, afecta á totalidade dos contratos.

Neste capítulo, están dotados os créditos para facer fronte, entre outros, aos contratos de:

Recollida de RSU, tratamento de residuos en SOGAMA, limpeza Viaria, recollida selectiva e mantemento e baleirado de contedores.

Conservación e mantemento do sistema viario e de camiños.



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 28/12/2017 16:49

Páxina 8 de 17

Expediente 49/142

CSV: 28E44-3E4AE-C4282-3A822

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO
DIRECCIÓN SUPERIOR CONTABLE E ORZAMENTARIA

Expediente: 49/142

Limpeza de colexios, limpeza de edificios municipais e de instalacións deportivas.

Mantemento e conservación de xardíns e parques infantís, mantemento da rede semaforica, mantemento de túneles, mantemento de colexios públicos.

Funcionamento das escolas infantís municipais, escola de teatro, escola de danza, escola municipal de música e funcionamento do centro de servizos sociais.

Contrato do servizo de Axuda no fogar, programas de metadona, funcionamento de bibliotecas, campamentos de verán.

Programas culturais, festas de verán, programas de xuventude, programas e servizos de deportes, piscinas e instalacións deportivas.

Programas de infancia e maiores, teleasistencia, programa de ludotecas, prestación de servizos financeiros, mantemento de cemiterios, etc.

Subministro eléctricos de alumado público, de colexios e edificios públicos, de instalacións deportivas, da rede semaforica e parques públicos. Subministro de gas, vestiario de Policías Locais e Bombeiros e demais combustibles.

Prestación do servizo de rede de voz e datos e outros de funcionamento operativo da institución.

Durante o ano 2017-2018, estanse a tramitar a licitación de servizos importantes, polo que a variación entre os créditos autorizados e a súa execución (Inexecucións) sexa relevante.

Aínda no suposto de non ter en conta a normativa reseñada de aplicación que invalida legalmente a proposta contida na emenda, para que a proposta fose viable, teríase que acometer un plan de modificación de todos os contratos formalizados (servizos e subministracións), sempre que elo fose posible, antes do remate do ano 2017. Habería que avaliar en cada caso os Pregos de Cláusulas Administrativas que rexe cada contrato para verificar as causas previstas de modificación do contrato.

En relación co anterior, non é posible determinar a curto prazo, se os contratos serían ou non reducibles, xa que tendo en conta o peso porcentual que representan as plantillas de persoal afectas a estas prestacións, xeraría en moitos casos a necesidade de facer unha reestruturación das mesmas. Ademais, habería que formar criterio sobre a viabilidade técnica da redución na prestación, xa que no proceso de formación do orzamento, fíxose a análise de cada un dos contratos cos responsables técnicos de cada un dos servizos, polo que, as dotacións que teñen asignadas cada unha das aplicacións, representan o prezo do contrato, máis a revisión de prezo que corresponda de acordo aos índices que afecte ao contrato, máis as variacións previstas para o exercicio 2018, sendo o nivel de prestación previsto o necesario de acordo as avaliacións técnicas.



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 28/12/2017 16:49

Páxina 9 de 17

Expediente 49/142

CSV: 28E44-3E4AE-C4282-3A822

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO
DIRECCIÓN SUPERIOR CONTABLE E ORZAMENTARIA

Expediente: 49/142

No suposto dunha posible redución, sempre e cando concorresen os presupostos legais e os técnicos, o orzamento en trámite, en tanto non se producise o acordo de modificación e formalización de cada un dos contratos, tería que ter unha dotación acorde co prezo dos contratos vixentes, non sendo reducible ata a formalización da modificación contractual.

Ao obxecto de dar cumprimento aos requirimentos previstos no artigo 168.1 e) do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, o informe económico de gastos ten que acreditar a suficiencia dos créditos para atender ao cumprimento das obrigas esixibles e os gastos de funcionamento dos servizos e, en consecuencia, a efectiva nivelación do orzamento.

No suposto previsto dunha modificación xeneralizada dos contratos, no podería emitirse este informe o cal faltaría un requisito esencial para a tramitación do proxecto do orzamento para o ano 2018.

En consecuencia, a emenda de redución afecta a contratos de servizos e subministracións en vigor, nos que as obrigas que devengan as prestacións non terían cobertura orzamentaria, xerando un incumprimento do previsto no artigo 168.1.e) do TRLRFL, é dicir, afloraría un déficit, xa que xorden segundo a emenda, novas e maiores prestacións por unha contía de 6.814.690,98 euros, que non terían o seu financiamento na redución xeneralizada do capítulo 2, por resultar esta de non aplicación polas razóns técnicas e legais expostas.

Do anterior, de atender á emenda, produciríase un incumprimento claro do obxectivo de estabilidade Orzamentaria, que de acordo ao contido do acordo adoptado polo Consello de Ministros na súa sesión do 7 de xullo, aprobada polos Plenos do Congreso e Senado en sesións do 11 e 12 de xullo de 2017, establece un obxectivo de equilibrio para o período 2018-2020.

Así mesmo, estarase a producir un desequilibrio na formación do orzamento, o artigo 165.4 do TRLRFL, establece que cada un dos orzamentos que se integran no orzamento xeral deberá aprobarse sin déficit inicial. O artigo 168.1.g), establece como principio orzamentario a efectiva nivelación dos orzamentos.

En relación coa redución do capítulo 4 por unha contía de 1.896.940,72 euros, sería de aplicación o xa informado, de tal xeito que aquelas axudas ou subvencións concedidas que non tiveran a xustificación dentro do ano quedarían sen cobertura orzamentaria. O gasto comprometido que non chegou ao recoñecemento da obriga, incorporase ao ano seguinte como remanente de crédito, distinguindo os créditos comprometidos dos computados aos efectos do SEC-2010 e da Regra Fiscal de Gasto regulada na Lei Orgánica 2/2012, que o son polas obrigas recoñecidas no ano.

O Fondo de Continxencia ten como obxectivo crear unha dotación para situacións imprevistas que posibilite as entidades poder facer fronte as mesmas dentro dos obxectivos fixados polo Goberno da Nación para a Regra de Gasto.



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 28/12/2017 16:49 Páxina 10 de 17

Expediente 49/142

CSV: 28E44-3E4AE-C4282-3A822

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO
DIRECCIÓN SUPERIOR CONTABLE E ORZAMENTARIA

Expediente: 49/142

En relación coa previsión contida no Fondo de Continxencia, considérase dende unha análise técnica, que a súa dotación é coherente en relación coa contía do orzamento para facer fronte a situacións imprevisibles que acontezan ao longo do ano 2018, polo que, a redución dun 83,33%, non é aconsellable. De non facer aplicación do fondo para modificacións orzamentarias imprevisibles, pasará a formar parte do superávit.

En relación coas aplicación que a emenda propón incrementar ou facer nova dotación

Aplicacións orzamentarias que se incrementan.

En relación coas contías do capítulo 2, se as mesmas afectasen a contratos de prestación de servizos e subministracións, estes están calculados de acordo coa Lei do contrato, coa oferta e o contrato vixente. Dende o contido legal e técnico, os contratos están dotados axeitadamente. Os modificados dos mesmos estarían sometidos aos límites legais que establece o artigo 105 e seguintes do texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado polo Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro.

Se o incremento das aplicacións non afectan aos contratos, e unha decisión no ámbito da oportunidade, competencia que corresponde ao goberno.

A contía do incremento é de 407.631,70 euros.

De ser aceptadas, habería que facer axustes aos efectos de garantir que os orzamentos non teñen déficit inicial.

En canto as aplicacións que se incrementa cdo capítulo 4, en todas as aplicacións que se relacionan, trátase de gasto voluntario, constituíndo unha actividade de fomento, polo tanto, modulable pola administración con suxeición ao contido da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, Real Decreto 887/2006, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, Lei 9/2007, de 13 de Xuño, de subvencións de Galicia, polo Regulamento de subvencións e polas propias bases da convocatoria e demais normas de desenvolvemento.

A contía que se destina a aplicacións incrementadas é de 1.000.000,00 de euros.

En relación co capítulo 6, as contías para incrementar dotación orzamentarias é de 4.410.000,00 euros, as dotacións iniciais e unha decisión no ámbito da oportunidade, competencia que corresponde ao goberno.

Aplicacións de nova creación

En canto ás aplicacións de nova creación, a emenda propón mellorar as dotacións en 9 programas orzamentarios, determinando que empregos se cualificarían como gastos ou como investimentos, facendo a cualificación a nivel de capítulo.





CONCELLO DE VIGO
DIRECCIÓN SUPERIOR CONTABLE E ORZAMENTARIA

Expediente: 49/142

Como xa se fixo constar, a redución ampárase na inexecución cuantificada aos efectos da Regra fiscal de gasto, representada polo gasto que alcanza a fase de recoñecemento da obriga (fase O), cando as dotacións orzamentarias hai que orzamentalas tomando en consideración o gasto autorizado, sendo o saldo destes créditos sempre maior co das obrigas recoñecidas, polo que a hipóteses de redución de gasto que fundamenta a emenda é incorrecta.

No capítulo 2, onde figuran os programas de cultura, xuventude, deportes..., foi reducido nun 5,60% (6.814.690,98 euros), agora propónse un incremento do gasto en 1.726.000,00 euros. No capítulo 4, a redución contida na emenda é do 6,75% (1.896.940,72 euros), agora o incremento proposto é de 1.726.000,00 euros.

Como se fixo constar no informe, a redución do gasto proposta en base as inexecucións, tal e como se fai constar, aválfase en termos do SEC-210 e da Regra Fiscal de Gasto regulada na Lei Orgánica 2/2012, é dicir, sobre obrigas recoñecidas, cando as dotacións orzamentarias están previstas para dar cobertura ao gasto autorizado, remitíndonos ao artigo 173 do TRLRFL e 46 da LGP.

En canto as novas dotación propostas para o capítulo 6 por unha contía de 4.410.000,00 euros, debo informar que as dotacións contidas no proxecto de orzamento en trámite é a distribución funcional e económica do gasto, é unha competencia en canto a súa formación e proposta do Sr. Alcalde Presidente.

Na avaliación técnica das novas dotacións propostas e as que se propoñen para incrementar, non hai nada que obxectar, é polo tanto unha decisión que corresponde ao goberno sobre a oportunidade dos empregos dos recursos, sempre e cando haxa recursos para o seu financiamento e se de cumprimento ao previsto na LOEPSF e TRLRFL.

No entanto o anterior, hai que informar que a redución proposta fundamentada na inexecución, non é legalmente posible, o artigo 173.5 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo e o artigo 46 da Lei 47/2003, establece que non poderán adquirirse compromisos de gastos por contía superior ao importe dos créditos autorizados nos estados de gastos, sendo nulos de pleno dereito os acordos, resolucións e actos administrativos que infrinxan a expresada norma, sen prexuízo das responsabilidades a que haxa lugar.

É dicir, é necesario facer as dotacións aos efectos de autorización de gasto, de tal xeito que para licitar, é necesario ter unha dotación necesaria para o gasto da totalidade do ano ou proxecto se fose o caso. Esta obriga legal fai necesario ter a dotación para este estado orzamentario (Fase (A) ou (D)), distinto que o estado de recoñecemento da obriga (Fase O), que computa aos efectos dos SEC-2010 e da Regra Fiscal de Gasto regulada na Lei Orgánica 2/2012. Sempre, o importe das obrigas recoñecidas é moito menor que o do gasto autorizado e do comprometido. En situación de comprometido, poderá ser incorporado como remanente ao orzamento do ano seguinte para dar cobertura as obrigas tramitadas no ano seguinte por



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 28/12/2017 16:49

Páxina 12 de 17

Expediente 49/142

CSV: 28E44-3E4AE-C4282-3A822

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO
DIRECCIÓN SUPERIOR CONTABLE E ORZAMENTARIA

Expediente: 49/142

compromisos de ano anterior.

Polo tanto, non pode ser tomada en consideración a redución do gasto tendo en conta as inexecución aos efectos da Regra Fiscal do Gasto. Polo que os incrementos propostos sen recursos, xerarían un desequilibrio orzamentario, circunstancia contrario ao previsto no art. 165 do TRLRFL e artigo 3 da LOEPSF.

Conclusión

A emenda presentada pola Sra. Concelleira Dona Elena Muñoz Fonteríz, voceira do Grupo Municipal do Partido Popular, aparentemente é formalmente correcta coa redución proposta, por axustarse inicialmente ao equilibrio que esixe o artigo 83 do Regulamento Orgánico do Pleno, no entanto, non é posible tomala en consideración ao partires dunha situación non aplicable.

Como se fixo constar no informe, as dotacións orzamentarios teñen que ser suficientes aos efectos de autorización e compromiso de gasto, de tal xeito que para licitar, requírese ter unha dotación necesaria para a totalidade do gasto imputable ao ano ou proxecto se fose o caso. Esta obriga legal fai necesario ter a dotación para este estado orzamentario (Fase (A) ou (D)), estado orzamentario distinto que o estado de recoñecemento da obriga (Fase O), que computa aos efectos dos SEC-2010 e da Regra Fiscal de Gasto regulada na Lei Orgánica 2/2012. Polo que, sempre, o importe das obrigas recoñecidas é moito menor que o do gasto autorizado e do comprometido, que nesta última situación, poderá ser incorporado como remanente ao orzamento do ano seguinte para dar cobertura as obrigas tramitadas no ano seguinte por compromisos de ano anterior.

Toda a fundamentación dos novos ou maiores empregos, está sustanciada sobre unha hipótese de redución de empregos que non ten fundamento legal.

A emenda plantexa un escenario orzamentario na que os créditos orzamentados sexan equivalentes ao das obrigas recoñecidas, o cal representa unha vulneración do artigo 173.5 do TRLRFL e do artigo 46 da LGP. Esta situación solo se cumpriría, se non houberse baixas nos procedementos de contratación, no que o importe da fase de gasto de Autorización fose igual que a de Recoñecemento da abriga, situación non prevista na normativa da Contratación Pública.

Ademais do anterior, tamén se tería que cumprir, que todos os gastos, engadidas as certificacións de obra, teñan a súa imputación no ano corrente. En consecuencia co anterior, non podería estar autorizada a incorporación de remanentes de crédito, nin tería sentido a existencia da conta contable 413, que ten reflexo contable e non orzamentario, reflectindo aqueles gastos devengados no ano que non chegaron a ter a súa imputación ao orzamento do ano.

A emenda da un tratamento similar ás dotacións orzamentarias necesarias que as dotacións que alcanzaron a fase de recoñecemento da obriga (Execución).



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 28/12/2017 16:49

Páxina 13 de 17

Expediente 49/142

CSV: 28E44-3E4AE-C4282-3A822

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO
DIRECCIÓN SUPERIOR CONTABLE E ORZAMENTARIA

Expediente: 49/142

Sobre a redución de ingresos, tan só cabe afirmar, que aínda de non ser aplicable, xeraría un déficit inicial do orzamento, xa que os recursos non financeiros serían insuficientes para dar cobertura aos empregos non financeiros, producíndose un incumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria, quedando fora do marco legal previsto na Lei Orgánica 2/2012, de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira e do acordo do Consello de Ministros de 7 de xullo e da ratificación feita polo Pleno do Congreso dos Deputados e do Senado nas sesións do 11 e 12 de xullo do ano 2017 en relación coas macro variables de capacidade ou necesidade de financiamento (Estabilidade orzamentaria o déficit), Regra Fiscal de Gasto e Endebemento.

En consecuencia, a emenda debe ser rexeitada.

De resultar rexeitada a emenda, non quedaría afectada a Estabilidade Orzamentaria, polo tanto, non require informe da Intervención, en caso contrario, se a proposta, sen amparo técnico nin legal, é de aceptación, terá que ser sometida a mesma ao informe do Sr. Interventor Xeral.

EMENDA PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DA MAREA DE VIGO

En data 10/11/2017, o Sr. Concelleiro, Don Rubén Pérez Correa, voceiro do Grupo Municipal da MAREA DE VIGO, co número de rexistro da Secretaría do Pleno 1648/1101, presentou emenda á totalidade do proxecto de Orzamento sometido a ditame da Comisión.

O Regulamento Orgánico do Pleno, aprobado o 30 de maio de 2016, publicado no BOP nº 114 do día 15/06/2016, no seu artigo 83.1, regula as emendas a totalidade, nas que previo debate e neste caso fundadamente, suporía se fose aceptada a devolución do proxecto de Orzamentos á Xunta de Goberno Local.

O ROP non regula o procedemento de debate a totalidade, polo que, salvo acordo en contrario, terán o mesmo tratamento que o previsto para as emendas parciais.

Avaliación da información comparativa en relación cos orzamentos aprobados 1994-2016

Para xustificar que o orzamento que se tramita non é o máis elevado da historia, a emenda achega unha táboa comparativa na que en algún dos anos 2009-2011, as contías segundo a táboa son maiores. A este respecto, hai que informar que a emenda fai unha mestura de datos, hai anos que a táboa reflicte o orzamento inicialmente aprobado, que sería neste caso o que hai que comparar, noutros, as contías que se reflicten son as correspondentes á Liquidación dos Orzamentos (2008-2013), que son maiores que as correspondentes ao Orzamento inicial. Nos Estados de Liquidación, se reflicte a execución do orzamento inicial máis todas as modificacións orzamentarias, nas que pola súa contía, está a de incorporación de remanentes, as de modificación de aplicación do superávit e todas as xeracións de crédito por cofinanciamento



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 28/12/2017 16:49

Páxina 14 de 17

Expediente 49/142

CSV: 28E44-3E4AE-C4282-3A822

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO
DIRECCIÓN SUPERIOR CONTABLE E ORZAMENTARIA

Expediente: 49/142

doutros axentes públicos ou privados, créditos extraordinarios, suplementos de crédito (FEIL, FEESL...).

Para por en valor as modificacións cuantitativas do Orzamento, no Pleno ordinario do mes de outubro do ano 2017, deuse conta do estado de execución do orzamento do ano 2017, no que se pode comprobar que as modificacións orzamentarias tramitadas ata o 30/09/2017, eran por unha contía de 32.986.690,96 euros. No anos 2009, 2010 e 2011, as modificacións orzamentarias foron polos seguintes importes: 118.386.193,01 euros, 79.180.276,20 euros e 55.820.717,18 euros, respectivamente, o cal amosa a variación cuantitativa entre o orzamento inicialmente aprobado e o orzamento definitivo.

O mesmo criterio está a seguirse para a avaliación dos investimentos, en anos se toma a contía do orzamento inicial e noutros, o Orzamento Liquidado.

As táboas están a comparar de forma mesturada uns anos os orzamentos e investimentos que conforman o proxecto orzamentario que resulta aprobado, e outros anos, os Orzamentos Liquidados e os investimentos liquidados.

A fonte citada na formación das táboas, ten por unha banda a liquidación e por outra os orzamentos.

A información se se quere comparar está no portal de transparencia do Concello de Vigo dende o ano 2006, figurando os orzamentos iniciais, os definitivos e os liquidados.

En relación co proxecto orzamentario que se somete a consideración do Pleno, sen endebedamento, é o de maior contía que se ten tramitado ata a data, e nel figuran os recursos e empregos que teñen financiamento propio e os compromisos acadados con outros axentes públicos ou privados, non tendo financiamento financeiro polo acceso ao mercado de capitais, é dicir, o orzamento non contén como recurso financeiro ningunha operación de endebedamento.

A variación nos recursos correntes non financeiros, foi dun 2,2%, aínda que a variación cuantitativa por razóns censais ou de xestión, resulta distinta da porcentaxe, quedando a variación permanente por variación das Ordenanzas Fiscais no referido 2,2%.

En relación coa análise por capítulo que achega a emenda, me remito ao informe económico de gastos que figura na documentación técnica que conforma expediente, no que se fan constar as variacións e motivación que en cada caso require a natureza económica do gasto.

Na análise do capítulo 6, se está a facer unha comparación entre o capítulo 6 dos estados iniciais co capítulo 6 do orzamento do ano 2017 a data 30/09/2017, e dicir, comparando créditos iniciais con créditos definitivos a esa data, que son o resultado da incorporación de remanentes, da aplicación do superávit e outras modificacións. O proxecto que se somete á consideración do Pleno, de acordo as previsións técnicas, podería ter unha variación deste capítulo de 25 millóns adicionais.



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 28/12/2017 16:49

Páxina 15 de 17

Expediente 49/142

CSV: 28E44-3E4AE-C4282-3A822

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO
DIRECCIÓN SUPERIOR CONTABLE E ORZAMENTARIA

Expediente: 49/142

O cofinanciamento dos investimentos por outros axentes públicos polo outorgamento de axudas a programas como é neste caso o Programa Operativo FEDER (DUSI) ou os convenios asinados coa Excm. Deputación polo cofinanciamento da reforma do Estado de Balaidos, mellora de campos de fútbol e instalacións deportivas, nova instalación deportiva en Romil 77, carril bici e mellora e posta en valor da Finca Solita.

Se da Liquidación do Orzamento do ano 2017, resultase un superávit, e o Remanente de Tesourería fose positivo, e a normativa o permite, a súa aplicación dentro das limitacións que establece a Disposición adicional décimo sexta do TRLRFL, será competencia do Goberno, cuxa proposta será sometida a decisión do Pleno da Corporación.

A emenda presentada polo Sr. Voceiro do Grupo Municipal MAREA DE VIGO, é unha emenda a totalidade sen proxecto alternativo, fundamentando a mesma en valoracións políticas sen empregos alternativos dos recursos, que non poden ser obxecto de avaliación neste informe, por tratarse de apreciacións de contido de oportunidade política que non pode ter unha avaliación técnica.

O que ten que quedar garantido, e que calquera proxecto de orzamento, ten que dar cobertura as obrigas que devenga plantilla de persoal, aos contratos en vigor cos prezos que en cada caso teñan formalizados, as transferencias obrigatorias e gastos de funcionamento operativo. Os demais recursos poden ter os empregos que o goberno considere oportunos, sempre dentro dos límites que marca a Lei Orgánica 2/2012, de Estabilidade Orzamentaria e sustentabilidade financeira.

O proxecto de Orzamento que se tramita ten que someterse ao bloque de legalidade que lle é de aplicación, dando cumprimento ao principio de estabilidade orzamentaria con sometemento ao SEC-2010, sen que se poida modificar o lexislado para a administración económica nin comprender preceptos de orde administrativo que requiran procedementos ou solemnidades específicas distintas do previsto para a formación do orzamento, aspecto este que queda salvagardado tendo en conta o informe emitido pola Intervención Xeral.

A emenda terá que ser sometida a votación, se é aceptada o Orzamento será devolto á Xunta de Goberno Local, en caso contrario, o expediente continuará a súa tramitación.

Isto é todo o que ten que informar este técnico en relación coas emendas presentadas pola Sra. Voceira do Grupo Municipal do Partido Popular e polo Sr. Voceiro do Grupo Municipal de MAREAS DE VIGO.

Corrección de erros

Tratase de erros na definición da aplicación orzamentaria, importando o texto que xa figuraba, non supón alteración da partida económica nin da contía, tan só do texto do concepto.



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 28/12/2017 16:49 Páxina 16 de 17

Expediente 49/142

CSV: 28E44-3E4AE-C4282-3A822

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO
DIRECCIÓN SUPERIOR CONTABLE E ORZAMENTARIA

Expediente: 49/142

Na aplicación 3380.4800002, CONVENIO ANTROIDO, Asociación de Centros Deportivos e Culturais, debe figurar : CONVENIO ANTROIDO, Agrupación de centros culturais y PEÑAS EL OLIVO.

Aplicación 3410.4700000, ACHEGA CAMPIONATO ESTREET STUNTS, debe figurar: ACHEGAS DEPORTE URBANO.

En Vigo, á data da sinatura electrónica

O Tesoureiro e Director Superior Contable e Orzamentario: Luís García Álvarez



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 28/12/2017 16:49

Páxina 17 de 17

Expediente 49/142

CSV: 28E44-3E4AE-C4282-3A822

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>